



## CONCELLO DE MUIÑOS (OURENSE)

Praza San Rosendo nº 1 C.P. 32880 - Mugueimes (Muíños)

Tel. 988 456 403 - Fax. 988 456480

E-mail: [concello.muinos@eidolocal.es](mailto:concello.muinos@eidolocal.es)

Web: [concellomuinos.com](http://concellomuinos.com)

Muíños 30 de Outubro de 2015

**D SANTIAGO MANSILLA VAZQUEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR  
DO CONCELLO DE MUIÑOS**

### CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

30 de Outubro de 2015

PLENO ORDINARIO

**6.- CONVENIO MARCO DE COOPERACION DA DEPUTACION DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACION PUBLICA.-**

Visto o acordo do Pleno da Deputación Provincial de data 25 de setembro de 2015, polo que se aprobou o convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, unha vez dictaminado pola Comisión Informativa Especial de Contas e Permanente de Persoal, Facenda, Comercio, Promoción Económica e Novas Tecnoloxías, O Pleno do Concello, por unanimidade, acorda, á proposta do Sr. Alcalde-Presidente acorda o seguinte:

**Primeiro:** Aproba-la adhesión do Concello de Muíños ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

**Segundo:** Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

**Terceiro:** Designar como persoas representantes da execución do convenio a Concelleira Dona Marta Pérez Pérez e á funcionaria Dona M<sup>a</sup> Elena Domínguez Gomez. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde-Presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

Sometida a proosta a votación ao Pleno municipal, resulta aprobada por unanimidade.

E para que así conste expido e asino a presente certificación coa salvedade e reserva do artigo 206 do ROF de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente.-

Vº e Prace  
O Alcalde



O Secretario